

1

Principais: Pardal (narrador protagonista) e o mestre don Gregorio.

Secundarios: os pais, os tíos (emigrantes en América) e Abd el-Krim.

2

Argumento:

Pardal lembra o medo que pasou o primeiro día de escola, cando tiña seis anos. Todos o asustaban contándolle o horrible que era. Pasou a noite anterior en vela e cando estaba na aula, diante do mestre, mexouse.

Tema: lembranza do primeiro día de escola.

4

As referencias históricas son a Guerra de Marrocos, o desastre do Barranco do Lobo e a ferocidade do caudillo rifeño Abd el-Krim.

Todas elas corresponden a un momento anterior á acción protagonizada por Pardal. Son as que provocaron que os seus tíos emigraran á Arxentina cando eran mozos.

6

O espazo corresponde á vila na que vive Pardal e na que está a escola de primaria á que acode.

- **Os outros espazos** son América e Marrocos. América é o destino de moitos mozos emigrantes que foxen para non ir á guerra. Marrocos é o lugar no que se produciu unha guerra cruel, sobre todo no suceso do Barranco do Lobo.

- **Con ambos lugares identifícase Pardal.** Na escola séntese tan indefenso coma os soldados que viviron a batalla. E o mestre faille lembrar a ferocidade de Abd el-Krim, pois a súa pequena regra parecíalle a lanza do rifeño.

7

A historia transcorre no inverno: «a neve derretera», os fentos están «marelos».